

NOVA COTA DE COTIZACIÓN PARA AUTÓNOMAS E AUTÓNOMOS

O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións xa ten listo o **anteproxecto do Real Decreto-lei polo que se establece un novo sistema de cotización para as persoas traballadoras por conta propia ou autónomas**, que se implantaría a partir do 1 de xaneiro de 2023, e que se calcularía **en función dos ingresos de cada un**.

En concreto, acórdase establecer un **sistema de cotización baseado nos rendementos reais declarados fiscalmente que se implantará de forma gradual nun período máximo de 9 anos**, con revisións periódicas cada 3 anos. Así, con esta medida preténdese **aproximar as bases de cotización dos autónomos e autónomas aos seus ingresos reais e ademais mellorar a súa protección social**, repercutindo na mellora das súas prestacións futuras. Neste eido, o novo sistema de cotización é necesario para reforzar o sistema público de pensións e garantir a sustentabilidade financeira.

Máis polo miúdo, o documento contempla **15 tramos de cotización**: 3 pertencentes á táboa reducida e 12 incluídos na táboa xeral. Deste xeito, o anteproxecto establece no ano 2023 unha cota mínima de 230 euros ao mes para autónomos con rendementos inferiores a 670 euros netos, e unha máxima de 500 euros para aqueles traballadores autónomos con ingresos netos mensuais superiores a 6.000 euros. De cara ao 2024, a cota mínima redúcese a 230 euros mensuais e máxima chegará aos 530 euros. E xa no 2025, a cota mínima segue baixando ata os 200 e a máxima alcanzará os 590 euros.

Doutra banda, **o novo sistema de cotas adaptado tamén modifica a tarifa plana de cotización, ascendendo a cota reducida ata os 80 euros mensuais**, 20 euros menos que a actual. Poderán beneficiarse da tarifa plana aquelas persoas que durante dous anos perciban unha cantidade menor a do salario mínimo.

Con esta nova medida o que se busca é **rebaixar as cotas para aquelas persoas autónomas con maiores dificultades e menores ingresos** e, a súa vez, mellorar a prestación por cese de actividade para todos.

A continuación desglosamos en táboas o importe que corresponde a cada tramo nos vindeiros anos.

ANO 2023	NÚMERO DE TRAMO	TRAMOS DE RENDEMENTO	BASE COTIZACIÓN	COTA
Táboa reducida	Tramo 1	<=670	751,63	230
	Tramo 2	>670 e <=900	849,67	260
	Tramo 3	>900 e <=1.166,7	898,69	275
Táboa Xeral	Tramo 1	>=1.166,7 e <=1.300	950,98	291
	Tramo 2	>1.300 e <=1.500	960,78	294
	Tramo 3	>1.500 e <=1.700	960,78	294
	Tramo 4	>1.700 e <= 1.850	1.013,07	310
	Tramo 5	>1.850 e <=2.030	1.029,41	315
	Tramo 6	>2.030 e <=2.330	1.045,75	320
	Tramo 7	>2.330 e <=2.760	1.078,43	330
	Tramo 8	>2.760 e <=3.190	1.143,79	350
	Tramo 9	>3.190 e <=3.620	1.209,15	370
	Tramo 10	>3.620 e <=4.050	1.274,51	390
Tramo 11	>4.050 e <=6.000	1.372,55	420	
Tramo 12	>6.000	1.633,99	500	

ANO 2024	NÚMERO DE TRAMO	TRAMOS DE RENDEMENTO	BASE COTIZACIÓN	COTA
Táboa reducida	Tramo 1	<=670	735,29	225
	Tramo 2	>670 e <=900	816,99	250
	Tramo 3	>900 e <=1.166,7	872,55	267
Táboa Xeral	Tramo 1	>=1.166,7 e <=1.300	950,98	291
	Tramo 2	>1.300 e <=1.500	960,78	294
	Tramo 3	>1.500 e <=1.700	960,78	294
	Tramo 4	>1.700 e <= 1.850	1.045,75	320
	Tramo 5	>1.850 e <=2.030	1.062,09	325
	Tramo 6	>2.030 e <=2.330	1.078,43	330
	Tramo 7	>2.330 e <=2.760	1.111,11	340
	Tramo 8	>2.760 e <=3.190	1.176,47	360
	Tramo 9	>3.190 e <=3.620	1.241,83	380
	Tramo 10	>3.620 e <=4.050	1.307,19	400
Tramo 11	>4.050 e <=6.000	1.454,25	445	
Tramo 12	>6.000	1.732,03	530	

ANO	NÚMERO DE TRAMO	TRAMOS DE RENDEMENTO	BASE COTIZACIÓN	COTA
2025 Táboa reducida	Tramo 1	<=670	653,59	200
	Tramo 2	>670 e <=900	784,31	220
	Tramo 3	>900 e <=1.166,7	849,67	260
Táboa Xeral	Tramo 1	>=1.166,7 e <=1.300	950,98	291
	Tramo 2	>1.300 e <=1.500	960,78	294
	Tramo 3	>1.500 e <=1.700	960,78	294
	Tramo 4	>1.700 e <= 1.850	1.143,79	350
	Tramo 5	>1.850 e <=2.030	1.209,15	370
	Tramo 6	>2.030 e <=2.330	1.274,51	390
	Tramo 7	>2.330 e <=2.760	1.356,21	415
	Tramo 8	>2.760 e <=3.190	1.437,91	440
	Tramo 9	>3.190 e <=3.620	1.519,61	465
	Tramo 10	>3.620 e <=4.050	1.601,31	490
	Tramo 11	>4.050 e <=6.000	1.732,03	530
	Tramo 12	>6.000	1.928,10	590